augent / agent	<b>Verbo sum</b>
saciant / capiant	Sim
doces / voces	Sis
geretur / paretur	Sit
irritetis / mittetis	Simus
accedas / laudas	Sitis
dividamus / dimicamus	sint
sedebunt / credent	



→ IMPERFECTO DE SUBXUNTIVO (ACT. E PAS.)

Tema de presente + RE + desinencias act. ou pas. (Toma nota! A forma que atopamos antes das desinencias correspóndese co infinitivo de presente act., o do enunciado dos verbos).

1ª paro -are	2ª moneo -ere	3ª duco -ere	3ª m. capio -ere	4ª audio -ire
Pararem	Monerem	Ducerem	Caperem	Audirem
Parares	Moneres	Duceres	Caperes	Audires
Pararet	Moneret	Duceret	Caperet	Audiret
Pararemus	Moneremus	Duceremus	Caperemus	Audiremus
Pararetis	Moneretis	Duceretis	Caperetis	Audiretis
Pararent	Monerent	Ducerent	caperent	Audirent

Recorda! Na nosa lingua o imperfecto de subxuntivo é: preparase, preparases...

En latín a voz pasiva só se distingue polo uso de desinencias pasivas: *duceremur* (fósemos conducidos), *caperetur* (fose collido), *audirentur* (fosen escoitados)...

<b>Verbo sum</b>
essem
esses
esset
essemus
essetis
essent

→ PERFECTO DE SUBXUNTIVO (ACT.)

Tema de perfecto + ERI + desinencias activas.

1ª paro -are	2ª moneo -ere	3ª duco -ere	3ª m. capio -ere	4ª audio -ire
Paraverim	Monuerim	Duxerim	Ceperim	Audiverim
Paraveris	Monueris	Duxeris	Ceperis	Audiveris
Paraverit	Monuerit	Duxerit	Ceperit	Audiverit
Paraverimus	Monuerimus	Duxerimus	Ceperimus	Audiverimus
Paraveritis	Monueritis	Duxeritis	Ceperitis	Audiveritis
Paraverint	Monuerint	Duxerint	ceperint	Audiverint

→ PLUSCUAMPERFECTO DE SUBXUNTIVO (ACT.)

Tema de perfecto + ERI + desinencias activas.

1ª paro -are	2ª moneo -ere	3ª duco -ere	3ª m. capio -ere	4ª audio -ire
Paravissem	Monuissem	Duxissem	Cepissem	Audivissem
Paravisses	Monuisses	Duxisses	Cepisses	Audivisses
Paravisset	Monuisset	Duxisset	Cepisset	Audivisset
Paravissemus	Monuissemus	Duxissemus	Cepissemus	Audivissemus
Paravissetis	Monuissetis	Duxissetis	Cepissetis	Audivissetis
Paravissent	Monuissent	Duxissent	cepissent	Audivissent

1. Crea as formas dos verbos enunciados:

**ago agere egi actum**

3ª sg. pres. subx. pas.:

3ª pl. perf. subx. act.:

1ª pl. imperf. subx. act.:

1ª sg. plusc. subx. act.:

2ª sg. fut. imperf. ind. act.:

**iubeo iubere iussi iussum**

3ª sg. imperf. subx. pas.:

2ª sg. plusc. subx. pas.:

1ª sg. pres. subx. act.:

3ª sg. plusc. subx. act.:

**puto putare putavi putatum**

1ª sg. pres. subx. act.:

1ª pl. perf. subx. act.:

3ª sg. fut. perf. ind. act.:

3ª sg. imperf. subx. pas.:

2. Analiza e traduce as seguintes oracións:

a. Valeant cives, sint incolumes, sint beati.

b. Ornamus corpora, ornemus etiam animos.

c. Utinam a bonis amaremur!

d. Dormias sine cura.

e. Utinam prudens fuisses!

f. In tanto discrimine quid agamus? Quem appellemus?

g. Ne audiantur improbi cives.

h. Utinam homines colerent iustitiam!

i. Ne falsum testimonium dixeris.

● **O MODO IMPERATIVO**

→ **PRESENTE DE IMPERATIVO**

No presente pódese dar unha orde a unha 2ª pers. do sg. ou do pl.: “prepara, prepara...”

<b>ACT.</b>					
<b>1ª paro -are</b>	<b>2ª moneo -ere</b>	<b>3ª duco -ere</b>	<b>3ªm capio -ere</b>	<b>4ª Audio -ire</b>	<b>Sum esse</b>
Para Para-te	Mone Mone-te	Duc-e Duc-i-te	Cap-e Cap-i-te	Audi Audi-te	Es Este
<b>PAS.</b>					
Para-re Para-mini	Mone-re Mone-mini	Duc-e-re Duc-i-mini	Cape-re Cap-i-mini	Audi-re Audi-mini	

→ **FUTURO DE IMPERATIVO**

Este tempo úsase para dar unha orde que deberá ser executada no futuro. Esta orde pódese dar a unha 2ª pers. do sg. (-to), a unha 3ª pers. do sg. (-to), a unha 2ª pers. do pl. (-tote) ou a unha 3ª pers. do pl. (-nto). [Indícanse entre parénteses as desinencias act.]

Este tempo xa era moi pouco usado en latín. Aparece sobre todo en leis, recetas...

ACT.						
	1ª paro -are	2ª moneo -ere	3ª duco -ere	3ªm capio -ere	4ª Audio -ire	Sum esse
2ª sg.	Para-to	Mone-to	Duc-i-to	Cap-i-to	Audi-to	Esto
3ª sg.	Para-to	Mone-to	Duc-i-to	Cap-i-to	Audi-to	Esto
2ª pl.	Para-tote	Mone-tote	Duc-i-tote	Cap-i-tote	Audi-tote	Estote
3ª pl.	Para-nto	Mone-nto	Duc-u-nto	Cap-u-nto	Audi-u-nto	Sunto
PAS.						
2ª sg.	Para-tor	Mone-tor	Duc-i-tor	Cap-i-tor	Audi-tor	
3ª sg.	Para-tor	Mone-tor	Duc-i-tor	Cap-i-tor	Audi-tor	
	-----	-----	-----	-----	-----	
3ª pl.	Para-ntor	Mone-ntor	Duc-u-ntor	Cap-i-u-ntor	Audi-u-ntor	

## O INFINITIVO

### ● Morfoloxía:

#### INFINITIVO DE PRESENTE

- **activo:** tema de presente + -RE → 1ª *parare* - 2ª *monere* - 3ª *ducere* - 3ª m. *capere* - 4ª *audire*
- **pasivo:**  
tema de presente + -RI → 1ª *parari* “ser preparado” - 2ª *moneri* “ser advertido” - 4ª *audiri* “ser oído”  
tema de presente + -I → 3ª *duci* “ser conducido” - 3ª m. *capi* “ser collido”

#### INFINITIVO DE PERFECTO

- **activo:** tema de perfecto + -ISSE → *paravisse* - *monuisse* - *duxisse* - *cepisse* - *audivisse*
- **pasivo:** participio de perfecto pasivo (-*tum -tam -tum / -sum -sam -sum*) + *esse* → *amatum esse* - *captam esse* - *auditum esse*

#### INFINITIVO DE FUTURO

- **activo:** participio de futuro activo (-*turum -turam -turum*) + *esse*

● **Sintaxe:**

O infinitivo e os complementos que del dependen desempeñan unha función sintáctica dentro da oración:

- Infinitivo como **suxeito**. Depende de:
  - verbos e expresións impersoais que expresan licitude, conveniencia ou necesidade:

Licet “é lícito”            oportet, decet “convén”            praestat “é mellor”  
libet, placet “agrada”

- suceso: accidit “sucede”
- sentimento:

paenitet, piget “arrepentir(se)”            pudet “avergoñar(se)”  
miseret “compadecer(se)”

- expresións formadas por *sum* máis un substantivo, un adxectivo ou un adverbio:

mos est “é costume”            fas est “é lícito”            turpe est “é vergoñento”  
utile es “é útil”            necesse est “é necesario”            sat est “é suficiente”  
opus est “é preciso”

- Infinitivo como **complemento directo**. Depende de verbos que expresan:
  - posibilidade: possum “poder”
  - obriga: debeo “deber”
  - hábito ou costume: soleo “soler”
  - etapas de acción: coepi, incipio “empezar”, pergo “continuar”
  - desexo: cupio “desexar”
  - afecto ou sentimento: odi “odiar”
  - permiso: permitto “permitir”
  - orde: iubeo “ordenar”
  - consello: moneo “advertir”
  - ensinanza: doceo “ensinar”

Nestas oracións o suxeito da oración principal pode coincidir co do infinitivo (**subordinada de infinitivo concertada**) ou o infinitivo pode ter o seu propio suxeito, que vai en caso acusativo (**subordinada de infinitivo non concertada**). Nas oracións de infinitivo non concertado tamén vai en caso acusativo o atributo:

*Video mulieres miseras esse*: Vexo que as mulleres son desgraciadas.

Na **subordinada de infinitivo concertada** o infinitivo latino tradúcese polo correspondente infinitivo español:

*Vincere scis, Hannibal*: Sabes vencer, Aníbal.

A **subordinada de infinitivo non concertada** tradúcese ás nosas linguas por unha subordinada substantiva introducida por la conxunción “que”. O infinitivo latino hai que traducilo por un tempo persoal. Para a tradución hai que ter en conta o valor temporal dos infinitivos, cuxa correspondencia nas nosas linguas, agás excepcións, é como segue:

Tempo do infinitivo	Tempo del verbo principal	Tradución
Inf. de presente: indica simultaneidade co tempo do verbo principal.	Presente ou futuro ..... Pasado	Presente ..... Pretérito imperfecto
Inf. de perfecto: indica anterioridade con respecto ao tempo do verbo principal.	Presente o futuro ..... Pasado	Pret. perf. simple ou composto ..... Pret. pluscuamperfecto
Inf. de futuro: indica posterioridade con respecto ao tempo do verbo principal.	Presente o futuro ..... Pasado	Futuro ou perífrase verbal ..... Condicional ou perífrase verbal

Exemplos:

*Miles nuntiat hostes flumen transire* = O soldado anuncia que os inimigos atravesan / están atravesando o río.

*Miles nuntiavit hostes flumen transire* = O soldado anunciou que os inimigos atravesaban / estaban atravesando o río.

*Miles nuntiat hostes flumen transisse* = O soldado anuncia que os inimigos atravesaron (cast. han atravesado) o río.

*Miles nuntiavit hostes flumen transisse* = O soldado anunciou que os inimigos atravesaran (cast. habían atravesado) o río.

*Miles nuntiat hostes flumen transituros esse* = O soldado anuncia que os inimigos atravesarán / van a atravesar o río.

*Miles nuntiavit hostes flumen transituros esse* = O soldado anunciou que os inimigos atravesarían / ían atravesar o río.

1. Analiza e traduce:

**Infinitivo presente activo:**

- a. Statuit senatus bellum facere.
- b. Errare humanum est.
- c. Oportet legibus obtemperare.
- d. Praeterita mutare non possumus.
- e. Imperator milites castra movere iussit.
- f. Dux audivit hostes e castris exire.
- g. Alexander filium Iovis se esse contendebat.
- h. Utile est agricolis agrum colere.
- i. Ille amicitiam summum bonum esse dicebat.
- j. Thales<sup>1</sup> dixit aquam esse initium omnium rerum.
- k. Caesar prima luce omnes eos, qui in monte consederant, ex superioribus locis in planitiem descendere atque arma proicere iussit.

---

<sup>1</sup> Thales (nome proprio): nom. sg.

### **Infinitivo presente pasivo**

- a. Si amari cupis, ama.
  
- b. Caesar pontem rescindi iubet.
  
- c. Reliquas cohortes impedimentaue ad se traduci iubet.
  
- d. Partem hostium tendere ad urbem crediderant.
  
- e. Caesar pontem noctu perfici iubet.

### **Infinitivo perfecto activo e pasivo**

- a. Urbem Romam a Romulo conditam esse tradunt.
  
- b. Caesarem a Bruto interfectum esse scriptores dicunt.
  
- c. Notum est Carthaginem a Romanis esse deletam.
  
- d. Animadvertimus dies iam crevisse et longitudinem noctium minutam esse.

### **Infinitivo futuro**

- a. Caesar audiverat Pompeium per Mauritaniam<sup>2</sup> cum legionibus iter facere atque confestim esse venturum.

---

<sup>2</sup> Mauritania (rexión de África)



b. Sperat adulescens se victurum esse.

Outras construcións de infinitivo son a construción persoal e a construción impersoal.

### **Construción impersoal**

O verbo principal está en voz pasiva. Del depende unha oración de infinitivo que fai a función de suxeito.

*Dicitur Homerum caecum fuisse*: Dise que Homero era cego.

Sub. inf. Sux.

### **Construción persoal**

O verbo principal está en voz pasiva e leva un suxeito en nominativo, que á vez é o suxeito do infinitivo.

*Dicitur Homerus caecus fuisse*: Homero é dito ter sido cego → Dise que Homero era cego.

Sub. inf. CPvo

Fíxate que nesta construción o atributo do infinitivo vai en nom. e non en acus.

Estas construcións (impersoal e persoal) dependen de verbos como:

- *Videri* (parecer)
- *Fertur* (dise), *feruntur* (son ditos)
- *Traditur* (dise), *traduntur* (son ditos)
- Verbos de lingua e de pensamento en voz pasiva: *dicor* (son dito), *putor* (son considerado)...

1. Analiza e traduce. Indica se se trata da construción persoal ou da impersoal:

a. *Dicitur Caesarem vicisse Pompeium.*

b. *Fabri pontem rescindere iubentur.*

c. *Galli dicuntur in Italiam transisse.*

- d. Plato in Italiam venisse fertur.
- e. Atlas dicebatur caelum humeris sustinere.

## O PARTICIPIO

### • Morfoloxía

**Participio de presente (activo):** tema de presente + *-ns* (nom. sg.) / *-ntis* (gen. sg.)

	Singular		Plural	
	M/F	N	M/F	N
<b>Nom.</b>	Ama-ns	Ama-ns	Ama-nt-es	Ama-nt-ia
<b>Voc.</b>				
<b>Acus.</b>	Ama-nt-em			
<b>Gen.</b>	Ama-nt-is		Ama-nt-ium	
<b>Dat.</b>	Ama-nt-i		Ama-nt-ibus	
<b>Abl.</b>	Ama-nt-e / ama-nt-i			

<b>2ª conx.:</b>	mone-ns	mone-nt-is
<b>3ª conx.:</b>	duc-e-ns	duc-e-nt-is
<b>3ª m.:</b>	capi-e-ns	capi-e-nt-is
<b>4ª conx.:</b>	audi-e-ns	audi-e-nt-is

O participio de presente declínase pola 3ª declinación, como un tema en -i ou imparisílabo.

**Participio de perfecto (pasivo):** tema de supino + *-us -a -um*

	Singular			Plural		
	M/F	F	N	M	F	N
<b>Nom.</b>	Amat-us	Amat-a	Amat-um	Amat-i	Amat-ae	Amat-a
<b>Voc.</b>	Amat-e			Amat-os		
<b>Acus.</b>	Amat-um	Amat-am		Amat-as		
<b>Gen.</b>	Amat-i	Amat-ae	Amat-i	Amat-orum	Amat-arum	Amat-orum
<b>Dat.</b>	Amat-o	Amat-ae	Amat-o	Amat-is		
<b>Abl.</b>		Amat-a				

Exemplos: *monitus monita monitum, ductus ducta ductum, captus capta captum, auditus audita auditum*

**Participio de futuro activo:** tema de supino + *-urus -ura -urum*

Exemplos: *amaturus amatura amaturum, ducturus ductura ducturum, capturus captura capturum...*

**Participio de futuro pasivo:** tema de presente + *-ndus -nda -ndum*

Exemplos: *amandus amanda amandum, ducendus ducenda ducendum, capiendus capienda capiendum...*

Os participios de perfecto e de futuro declínanse como **adxectivos de 3 terminacións:** masc. 2ª decl., fem. 1ª decl., neutro 2ª decl.

### ● Sintaxe

**A) PARTICIPIO CONCERTADO:** O participio é un adxectivo verbal. Debido a súa natureza de adxectivo, concerta en xénero, número e caso cunha palabra da oración principal. A palabra coa que concerta vai no caso requirido pola función sintáctica que esta desempeña na oración principal. Como verbo que é, o participio indica unha acción (non unha calidade), ten voz, tempo e pode levar os seus propios complementos (CD, CI, CC, réxime, atributo...).

O tempo do participio é relativo:

- **Participio de presente:** expresa unha acción simultánea á do verbo principal. Pódese traducir polo noso xerundio ou por unha subordinada temporal que indique simultaneidade.
- **Participio de perfecto:** expresa unha acción anterior ou acabada respecto ao verbo principal. Pódese traducir polo noso participio ou por unha subordinada que indique anterioridade.

<i>delent</i>	Destrúen	conquistada/que conquistaron/que han conquistado
<i>Urbem captam deleverunt</i>	Destruíron a cidade	conquistada/que conquistarán/que habían conquist.
<i>delebunt</i>	Destruirán	conquistada/que terán conquistado/que habrán c.

- **Participio de futuro:** indica unha acción posterior á do verbo principal. En ocasións expresa finalidade e tradúcese por “para + infinitivo”.

a) **PARTICIPIO ABSOLUTO** ou **ABLATIVO ABSOLUTO:** Consta dun participio e dun substantivo ou pronome, ambos en caso ablativo, que tamén concertan en xénero e número. Ningunha das palabras que compoñen o participio absoluto forman parte da oración principal. É unha estrutura independente, normalmente posta entre comas, que indica una circunstancia concomitante á acción principal.

*Urbe capta, hostes discesserunt:* Tomada a cidade, os inimigos retiráronse.

b) **PARTICIPIO ABSOLUTO TIPO CICERONE CONSULE:** Cando o participio debería ser o do verbo *sum* (que carece de participio de presente e de perfecto), a construción do ablativo absoluto faise concertando o atributo co suxeito. Para traducila deberemos sobreentender o participio “sendo”. O atributo será un substantivo que indica idade (*puer, adulescens, senex...*), cargos públicos (*dux, iudex, consul...*) ou un adxectivo cualificativo (*nescius, secundus, vivus...*). Esta construción utilízase para datar feitos históricos.

*Caesare duce, milites vicerunt:* Sendo César xeneral, os soldados venceron.

*M. Cicerone C. Antonio consulibus, coniuratio Catilinae detegitur:* Sendo cónsules M. Cicerón e C. Antonio, descóbrese a conxura de Catilina.

c) **PARTICIPIO CON VALOR NOMINAL:** Nesta construción o participio está concertando cun substantivo e normalmente van precedidos dunha preposición, formando un complemento circunstancial. Exemplos:

*ab urbe condita*

*post urbem conditam*

*post reges exactos*

*post reges expulsos*

Nestes casos o participio tradúcese polo nome de acción do seu verbo. Por exemplo:

- *condita* ou *conditam* son participios de perfecto do verbo *condo*, que significa “fundar”. O nome de acción de “fundar” é “fundación”.

- *exactos* é o participio de perfecto de *exigo*, “expulsar”. O seu nome de acción é “expulsión”.
- *expulsos* é o participio de perfecto de *expello*, tamén “expulsar”. Por tanto, o seu nome de acción é novamente “expulsión”.

O substantivo, pola súa parte, tradúcese como un complemento do nome.

Así quedaría a tradución dos sintagmas anteriores:

*ab urbe condita* = desde a fundación da cidade / a partir da fundación da cidade  
part. perf.

prep. + abl. sg. f.

CC

*post urbem conditam* = despois da fundación da cidade

*post reges exactos* = despois da expulsión dos reis

*post reges expulsos* = despois da expulsión dos reis

1. Analiza as seguintes formas verbais. Entre elas abundan os participios. Indica o seu tempo, caso, xénero e número, e todas as opcións posibles. Usa o dicionario e indica a que verbo pertencen.

Factis:

Agenti:

egit:

Cinctus:

Laborantes:

Docuit:

Vulnerato:

Capti:

Advenientibus:

Portaverant:

Victus:

Laudatos:

Linquens:

Mittite:

Cesserunt:

Candentium:

Desperatas:

Spectatam:

Ambulantem:

Albente:

Invictae:

2. Analiza e traduce as oracións:

Participio concertado

a. Hostes fugerunt suorum corpora in campo relinquentes.

b. Homini nihil agenti dies est longus.

c. Scipioni in Africam advenienti Masinissa se coniunxit.

d. Hosti vulnerato barbari non parcebant.

e. Aristidem, expulsus patria, exterae gentes receperunt.

f. In Olympo sedet Iuppiter, nubibus cinctus.

g. Graecia capta Romam victricem ipsa cepit.

- h. Milites urbem capturi gladios quassaverunt.
  
- i. Scipio in Italiam contendit patriam defensurus.
  
- j. Dux militibus urbem diripiendam tradidit.
  
- k. Caesar oppidum capturus cum tribus legionibus pervenit.

Participio absoluto

- l. Pontem facientibus militibus, Caesar pervenit.
  
- m. Dario victo, Alexander magnam Asiae partem subegit.
  
- n. Troia capta, Graeci domum redierunt (redeo: regresar).
  
- o. Caesar, exploratis regionibus, omnes copias castris educit.
  
- p. Obsidibus acceptis, consul profectionem paravit.

q. Cicerone consule, Catilina coniurationem fecit.

r. Regnante Tarquinio Prisco, Pythagoras in Italiam venit.

s. Hannibale duce, Carthaginenses bellum Romanis intulerunt (infero bellum

alicui: facer a guerra a/contra alguén)

### VERBOS DEPOÑENTES E SEMIDEPONENTES

Os **verbos depoñentes** presentan forma pasiva, pero o seu significado é activo: *sequitur* é do verbo *sequor* “seguir, perseguir” e, por tanto, debe ser traducido como “segue, persegue”.

Aínda que se conxugan como pasivos, os seus participios de presente e o de futuro son activos. Por exemplo, de *proficiscor profectus sum* (“partir”) temos *proficiscens* (“partindo”) e *profecturus* (“que vai partir”).

Cabe destacar que nos verbos “normais” o participio de presente sempre é activo e o de perfecto, pasivo. Sen embargo, nos verbos depoñentes esta oposición está neutralizada e a oposición entre o participio de presente e o de perfecto é simplemente temporal:

<i>proficiscens</i>	“partindo”
<i>profectus</i>	“tendo partido / habiendo partido”

Os **verbos semidepoñentes** son aqueles que presentan forma activa no tema de presente e pasiva no tema de perfecto. Son moi poucos. O máis importante é *soleo solitus sum* (“acostumar”).



1. Analiza e traduce as seguintes formas verbais. Usa o dicionario.

Nascitur:

Vescebantur:

Sequamur:

nasci:

Patimur:

Secuta est:

Ortus:

Adeptus est:

Hortatus erat:

Delapsa sunt:

Loquamur:

## OS USOS DOS CASOS E AS PREPOSICIÓNS

### NOMINATIVO

a) **Suxeito**

b) **Atributo**

c) **Complemento predicativo subxectivo:** é un substantivo ou adxectivo que depende á vez do verbo e do substantivo que desempeña a función de suxeito. Se o predicativo é un adxectivo, concorda co suxeito en xénero número e caso nominativo. Se é un substantivo, concorda en caso.

*Caesar in Hispaniam praetor venit:* César veu a Hispania como pretor.

CPvo subx.

*Multi inermes cadunt:* Moitos caen desarmados.

CPvo Subx.

**VOCATIVO:** Mediante o vocativo exprésase a persoa ou cousa personificada á que o falante dirixe as súas palabras. Acostuma ir separado do resto da frase mediante signos de puntuación: comas, signos de admiración...

*O di inmortales! In qua urbe vivimus?: ¡Oh, deuses inmortais! En que cidade vivimos?*

### ACUSATIVO

a) **CD**

b) **Complemento predicativo obxectivo:** é un substantivo o adxectivo que depende á vez do verbo e do substantivo que desempeña la función de CD. Se o predicativo é un adxectivo concorda co CD en xénero, número e caso acusativo. Se é un substantivo, concorda en caso.

O CPvo obx. aparece con verbos como *appellare* e *vocare* (chamar), *nominare* (nomear), *facere* e *efficere* (facer)...

*Novam urbem Romam vocat:* Chama á nova cidade Roma.  
CPvo obx.

c) Dobre acusativo: **acusativo de persoa + acusativo de cousa**. Atopamos esta construción con verbos como *docere* (ensinar algo a alguén), *celere* (ocultar algo a alguén), *orare* e *rogare* (pedir algo a alguén), *interrogare* (preguntar algo a alguén), *poscere* (pedir algo a alguén)....

*Magister discipulos linguam docet:* O mestre ensina lingua aos alumnos.  
Ac. pers. Ac. cousa

d) Precedido de preposición = **CC**

As preposicións de acus. de uso máis frecuente son:

<i>ad:</i> a, cara	<i>extra:</i> fóra de	<i>intra:</i> dentro de
<i>ante:</i> antes de, diante de	<i>in:</i> a, cara	<i>per:</i> por, a través de, durante
<i>contra:</i> contra	<i>inter:</i> entre	<i>post:</i> despois de, detrás de

e) Sen preposición tamén pode ser un **CC**:

- **Acusativo de dirección:** normalmente o acusativo é un nome de cidade ou illa e complementa a un verbo de movemento.

*Legatos Romam mittebat:* Enviaba legados a Roma.  
Acus. dir.  
CC

- **Acusativo de extensión no tempo ou acusativo de duración:** o acusativo é un substantivo que indica tempo (*dies, annos, noctes...*). O CC expresa a duración da acción.

*Septem annos regit*: reina sete años / reina durante sete anos.

Acus. duración

CC

- **Acusativo de extensión no espazo**: indica o tamaño ou as dimensións dun obxecto, o espazo recorrido ou a distancia entre dous puntos. Cando expresa dimensións, acostuma a aparecer acompañado de adxectivos como *longus* (longo), *altus* (alto, profundo) ou *latus* (ancho). Para expresar a distancia entre dous puntos úsanse os verbos *absum* ou *disto* (distar).

## XENITIVO

- a) **Complemento do nome ou do adxectivo**: e a súa función básica. En latín nunca leva preposición, pero nas nosas linguas debe traducirse precedido da preposición “de”.

*Magistra vita*: mestra da vida

*Avidus gloriae*: ávido de gloria

- b) **Xenitivo de calidade**: trátase dun sintagma en xenitivo, composto por un adxectivo (*magnus, maximus, tantus...*) e un substantivo, que indica as características dunha persoa, obxecto... Pode facer a función de modificador ou de atributo:

*Homo magnae virtutis*: un home de gran valor

*Homo magnae virtutis fuit*: foi un home de gran valor

- c) **Xenitivo partitivo**: acompaña a substantivos, adverbios ou pronomes que indican cantidade, medida, parte... e a adxectivos en grao superlativo.

*Pars hostium*: parte dos inimigos

*Nemo vestrum*: ninguén dos vosos

*Multum pecuniae*: moito de diñeiro > moito diñeiro

*Prudentissimus civium*: o máis prudente dos cidadáns

- d) **Réxime de verbos**: hai verbos que levan un réxime en xenitivo. Esta información obterémola do dicionario. He aquí algúns exemplos:

*Accusare proditionis*: acusar de traizón

*Implere aquae*: encher de auga

*Memini alicuius rei*: acórdome de algunha cousa

## DATIVO



d) Ablativo prosecutivo: indica o lugar “por onde” se vai. Habitúa a empregarse con substantivos como *porta* (porta), *via* (camiño), *terra* (terra)... Podemos analízalo como un simple CCL.

*Via Appia exercitum duxit*: Dirixiu o exército pola Vía Apia.

e) Ablativo de calidade: un sintagma composto por adxectivo e substantivo en caso ablativo indica as características dunha persoa ou obxecto.

*Caesar fuit vir nigris oculis*: César foi un home de ollos negros.

f) En ablativo pódese expresar o 2ª termo da comparación

g) As principais preposicións de ablativo son:

*A, ab*: de, desde

*Cum*: con

*Pro*: diante de, en defensa

*E, ex*: de, desde

*Sine*: sen

de, en favor de

*De*: de, desde, sobre

*Prae*: diante de, por

*In*: en

**LOCATIVO**: algúns nomes de cidades, de illas pequenas e de nomes comúns poden indicar “lugar en” mediante o caso locativo, do que só se conservan restos en latín. As súas terminacións sons as seguintes:

1ª declinación: *-ae* (*Romae* = en Roma; *militiae* = na milicia, en campaña)

2ª declinación: *-i* (*domi* = na casa; *belli* = na guerra)

3ª declinación: *-i* (*ruri* = no campo)

*Catilina Romae insidias consulibus parabat*: Catilina preparaba emboscadas para os cónsules en Roma.

1. Analiza e traduce:

a. *Senatus Catilinam et Manlium hostes iudicat.*

b. *Senatus populusque Romanus Ciceronem patriae patrem appellavit.*

c. *Populus creavit regem Ancum Marcium.*

d. *Alba, Latii oppidum, contra Romam bellum facit.*

e. Deinde Catilina ex curia domum proripuit.

f. Roscius cum Caesare Capuam pervenit.

g. Romulus septem et triginta annos regnavit.

h. Homini est similitudo cum Deo.

i. Triginta dies in carcere mansit.

j. Hostes legatos Romam miserunt.

k. Suorum numero credebat.

l. Mihi amicitia est cum Caesare.

m. Homo infimi generis ad me venit.

n. Ulixes vir summa calliditate fuit.

o. Te avaritiae accuso.

p. Hac via Romam pervenit.

q. Mulier eximia pulchritudine fuit.